

## ESQUEMA

A LITERATURA ENTRE 1916 (creación das Irmandades da Fala) e 1936 (comezo da Guerra Civil)			
Introdución	<p><b>Ámbito cultural</b></p> <p>As Irmandades da Fala, creadas por toda Galicia, pretenden a galeguización da sociedade. Nelas participa activamente Castelao desde 1916 e desde 1918 os ourensáns Otero, Risco e Cuevillas, coñecidos, todos eles, como Grupo Nós. Este grupo desenvolveu a cultura en lingua galega ao crearen o SEG, a revista <i>Nós</i> e a editorial Nós.</p>		
	<p><b>Ámbito político</b></p> <p>O Grupo Nós guía o nacionalismo galego creando o Partido Galeguista e elaborando o Estatuto de Autonomía en 1936. Este nacionalismo susténtase nas orixes celtas ou atlánticas de Galicia, no campesiñado como base social e no sentimento da terra, isto é, na unión do home galego coa terra.</p>		
	<p><b>Ámbito histórico</b></p> <p>Distintos períodos republicanos favorecen o galeguismo da época até chegar ao comezo da Guerra.</p>		
Ámbito literario	<p>Con Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao e Rafael Dieste modernízase a literatura galega, principalmente no xénero narrativo e no teatral.</p>		
	<p><b>Narrativa</b></p> <p>Con eles comeza a facerse novela e relatos en galego no século XX.</p> <table border="1"> <tr> <td>Modernizan a narrativa nestes aspectos.</td> <td> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Innovan a temática superando o costumismo: vida de ultratumba e análise social (fidalguía e burguesía principalmente).</li> <li>• Publican en formato libro grazas á Editorial Nós, sucesora da Editorial Lar, creada por eles mesmos.</li> <li>• Acaban co bilingüismo decimonónico e fan narrativa monolingüe en galego.</li> <li>• Renovan a linguaxe ao introduciren lusismos, cultismos, préstamos e hiperenxebismos procurando un modelo de lingua literaria culta.</li> <li>• Introducen o lector implícito («ouvide», «meus amigos...») froito do afán didáctico.</li> <li>• Introducen o espazo urbano e o humor cunha finalidade crítica.</li> </ul> </td> </tr> </table>	Modernizan a narrativa nestes aspectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Innovan a temática superando o costumismo: vida de ultratumba e análise social (fidalguía e burguesía principalmente).</li> <li>• Publican en formato libro grazas á Editorial Nós, sucesora da Editorial Lar, creada por eles mesmos.</li> <li>• Acaban co bilingüismo decimonónico e fan narrativa monolingüe en galego.</li> <li>• Renovan a linguaxe ao introduciren lusismos, cultismos, préstamos e hiperenxebismos procurando un modelo de lingua literaria culta.</li> <li>• Introducen o lector implícito («ouvide», «meus amigos...») froito do afán didáctico.</li> <li>• Introducen o espazo urbano e o humor cunha finalidade crítica.</li> </ul>
	Modernizan a narrativa nestes aspectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Innovan a temática superando o costumismo: vida de ultratumba e análise social (fidalguía e burguesía principalmente).</li> <li>• Publican en formato libro grazas á Editorial Nós, sucesora da Editorial Lar, creada por eles mesmos.</li> <li>• Acaban co bilingüismo decimonónico e fan narrativa monolingüe en galego.</li> <li>• Renovan a linguaxe ao introduciren lusismos, cultismos, préstamos e hiperenxebismos procurando un modelo de lingua literaria culta.</li> <li>• Introducen o lector implícito («ouvide», «meus amigos...») froito do afán didáctico.</li> <li>• Introducen o espazo urbano e o humor cunha finalidade crítica.</li> </ul>	
	<p><b>Teatro</b></p> <p>Incorporan as técnicas dramáticas que se estaban a utilizar en Europa (Teatro da Arte Rusa, simbolismo de Yeats, teatro clásico grego...).</p> <table border="1"> <tr> <td>Modernizan a posta en escena nestes aspectos.</td> <td> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducción da máscara sobre o rostro dos actores para desindividualizaren cada personaxe.</li> <li>• Importancia do decorado e do vestiario dos actores.</li> <li>• Importancia da música e dos xogos de luz.</li> </ul> <p>Unicamente 4 obras testemuñan este quefacer: <i>A lagarada</i> de Ramón Otero Pedrayo, <i>O bufón d'El-Rei</i> de Vicente Risco, <i>Os vellos non deben de namorarse</i> de Castelao e <i>A fiestra valdeira</i> de Rafael Dieste.</p> </td> </tr> </table>	Modernizan a posta en escena nestes aspectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducción da máscara sobre o rostro dos actores para desindividualizaren cada personaxe.</li> <li>• Importancia do decorado e do vestiario dos actores.</li> <li>• Importancia da música e dos xogos de luz.</li> </ul> <p>Unicamente 4 obras testemuñan este quefacer: <i>A lagarada</i> de Ramón Otero Pedrayo, <i>O bufón d'El-Rei</i> de Vicente Risco, <i>Os vellos non deben de namorarse</i> de Castelao e <i>A fiestra valdeira</i> de Rafael Dieste.</p>
Modernizan a posta en escena nestes aspectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducción da máscara sobre o rostro dos actores para desindividualizaren cada personaxe.</li> <li>• Importancia do decorado e do vestiario dos actores.</li> <li>• Importancia da música e dos xogos de luz.</li> </ul> <p>Unicamente 4 obras testemuñan este quefacer: <i>A lagarada</i> de Ramón Otero Pedrayo, <i>O bufón d'El-Rei</i> de Vicente Risco, <i>Os vellos non deben de namorarse</i> de Castelao e <i>A fiestra valdeira</i> de Rafael Dieste.</p>		
<p><b>Poesía</b></p> <p>Escasa é a calidade poética dos textos dos homes Nós; no entanto nesta mesma época comezaba a xurdir unha nova poesía reivindicada e escrita por uns poetas novos en idade que situaron este xénero á altura do europeo. É a poesía vangardista galega, principalmente creacionista, hillozoísta e neotrobadorista, con algunha influencia do surrealismo, do futurismo e do cubismo. (Véxase esquema correspondente.)</p>			
No ensaio	<p>Os homes Nós conseguiron importantes logros xa que contribuíron, de maneira decisiva, ao emprego do galego para a escrita de ensaio, proba disto é <i>Dos nosos tempos</i> de Cuevillas; <i>Nós os inadaptados</i> e <i>Teoría do nacionalismo galego</i> de Vicente Risco; <i>Guía de Galicia</i> e <i>Síntesis xeográfica de Galicia</i> de Otero Pedrayo. Alén disto foron pioneiros na <b>tradución</b> de obras da literatura clásica ao galego nas páxinas da revista <i>Nós</i>.</p>		
OS ESCRITORES DE NARRATIVA ENTRE 1916 E 1936			
Ramón Otero Pedrayo	<p>Escritor de ascendencia fidalga, fará novelas longas, líricas e culturalistas cuxo tema esencial é Galicia: a súa paisaxe, a súa historia (con preferencia pola Idade Media) –<i>A romería de Xelmírez</i>–, a decadencia da fidalguía –<i>Os camiños da vida</i>, <i>Contos do camiño e da rúa</i>–; a evolución ideolóxica que experimentou xunto con Risco, do antigaleguismo ao galeguismo de 1918; –<i>O mesón dos ermos</i>, <i>Escrito na néboa</i> e <i>Arredor de si</i>–; e a vida de ultratumba –<i>O purgatorio de Don Ramiro</i>.</p>		
Vicente Risco	<p>Considerado «pai» do nacionalismo galego até 1939, data en que se alía con Franco, escribe sobre todo narrativa curta centrada en temas etnográficos (<i>A trabe d'ouro</i> e <i>a trabe d'alquitrán</i>, <i>O lobo da xente</i>); na vida de ultratumba (<i>Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros</i>); na fidalguía (<i>A coutada</i>); e obras satíricas e irónicas de crítica social como <i>Os europeos en Abrantes</i> e a novela longa <i>O porco de pé</i> na que critica duramente a burguesía emerxente no principio de século.</p>		
Afonso D. Rodríguez Castelao	<p>Médico, político nacionalista e recoñecido artista plástico cos libros de debuxos <i>Álbum Nós</i>, <i>Milicianos</i>, <i>Atila en Galicia</i>, <i>Cinquenta homes por dez reás</i> e <i>Debuxos de negros</i>, é escritor dunha obra didáctica, perfecta desde o punto de vista estilístico, na que o protagonista principal é o pobo galego: mariñeiros e campesiños (<i>Un ollo de vidro</i>, <i>Cousas</i>, <i>Retrincos</i>, e <i>Os dous de sempre</i>). O xénero que cultiva maioritariamente é o relato.</p>		
Rafael Dieste	<p>Xornalista e escritor, a súa obra en galego é escasa. O libro de relatos <i>Dos arquivos do trasno</i> é unha obra moderna que conxuga a literatura popular (supersticións, personaxes, apelacións a un auditorio) coa culta (a presenza do misterio, rupturas no plano temporal, importancia do final e presenza da melancolía). Por outro lado comparte as mesmas características da narrativa do Grupo Nós.</p>		